

# Admisión no réxime ordinario a ciclos formativos 2011-2012

## Información importante

### 1. Prazos de presentación de solicitudes

- Período ordinario: do 17 de xuño ao 4 de xullo ata as 13:00 horas, ambos os dous incluídos.
- Período extraordinario: do 1 ao 12 de setembro ata as 13:00 horas, ambos os dous incluídos.

**Nota:** lémbrese que as solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.

### 2. Presentación da solicitude

- Debe presentarse unha única solicitude, no centro elixido como primeira opción.
- A solicitude de admisión deberase presentar por duplicado; unha das copias é para a persoa interesada.

### 3. Adxudicación de praza

Logo de adxudicárselle unha praza, a persoa solicitante ten dúas posibilidades:

- **Matricularse:** no centro adxudicado e nos prazos establecidos.
- **Renunciar á praza:** no centro adxudicado e nos prazos establecidos. A renuncia afectará á praza que lle foi adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores a esa. Séguese no proceso de adxudicación para as preferencias anteriores.

**De non matricularse nin renunciar á praza adxudicada no prazo establecido, vostede quedará excluído do proceso de admisión.**

### 4. Distribución de prazos por ciclo

A distribución, ao comezo do proceso de admisión, das prazas dispoñibles para cada ciclo e para cada centro é:

Acceso directo	Acceso mediante proba
80% Do cal o 10% para persoas discapacitadas	20% Do cal o 10% para persoas discapacitadas
5% a maiores para deportistas de alto nivel	

### 5. Prazos do proceso de admisión

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	17 de xuño ao 4 de xullo ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	6 de xullo
Reclamación á listaxe provisional	6 ao 12 de xullo ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	18 de xullo
1ª adxudicación	19 de xullo
Matriculación 1ª adxudicación	19 ao 22 de xullo ás 13:00 horas
2ª adxudicación	26 de xullo
Matriculación 2ª adxudicación	26 ao 29 de xullo ás 13:00 horas

Período extraordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	1 ao 12 de setembro ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	14 de setembro
Reclamación á listaxe provisional	14 ao 16 de setembro ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	20 de setembro
1ª adxudicación	20 de setembro
Matriculación 1ª adxudicación	20 ao 23 de setembro ás 13:00 horas
2ª adxudicación	27 de setembro
Matriculación 2ª adxudicación	27 ao 30 de setembro ás 13:00 horas

# Admisión ao primeiro curso dos ciclos formativos de **grao superior** no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos (proceso centralizado). Curso 2011-2012

## Instrucións sobre o proceso de admisión e para cubrir o impreso de solicitude de admisión

**POR FAVOR, LEA A INFORMACIÓN QUE CONTEÑEN ESTAS PÁXINAS**

### 1. Documentación incluída

- Impreso de solicitude de admisión a ciclos de grao superior segundo o modelo do anexo II.
- Oferta educativa de ciclos formativos de grao superior en centros sostidos con fondos públicos, no réxime ordinario, para o curso 2011-2012, na que se relacionan os códigos de ciclo e do centro onde este se ofrece. Estes códigos precísanse para sinalar as preferencias no impreso de solicitudes de admisión. Teña en conta que a oferta dos centros privados con ensinanza concertada (CPR e EFAG) é provisional.
- Impreso de renuncia á praza adxudicada, permanecendo no proceso, en espera da adxudicación de opcións anteriores. So é necesario no caso de que desexe renunciar a algunha adxudicación.
- Impreso de solicitude de matrícula que deberá presentarse unha vez que a persoa interesada resulte adxudicada.

LEA ATENTAMENTE ESTAS INSTRUCCIÓNS ANTES DE CUBRIR O IMPRESO DE SOLICITUDE.

- Poña coidado na formalización do presente impreso; calquera erro pode prexudicalo no proceso de admisión a ciclos formativos de grao superior de formación profesional inicial.
- Cubra este impreso de xeito claro, mecanografado ou en letra de imprenta.

### 2. Prazo de solicitude de admisión

- O prazo de presentación de solicitudes de admisión é o seguinte:
  - Período ordinario: do 17 de xuño ao 4 de xullo de 2011 ás 13:00h.
  - Período extraordinario: do 1 ao 12 de setembro de 2011 ás 13:00h.
- Unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra os requisitos de acceso no momento da inscrición.
- As solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.

### 3. Apartados do impreso de solicitude

#### Datos persoais do/da solicitante

- Neste apartado, a persoa solicitante consignará de forma clara os seus datos persoais. Cubra todos os datos requiridos (se dispón de máis dun número de teléfono indíqueos).

#### Expón

- Neste apartado, a persoa solicitante marcará mediante un X no cadro correspondente a forma pola que solicita o acceso aos ciclos formativos de grao superior.
  - No caso de acceso directo marcará os estudos que acredita.
  - No caso de acceso mediante proba marcará a proba correspondente á documentación presentada.
- Débese marcar **só unha forma de acceso**. Quen cumpra simultaneamente os requisitos de acceso directo ao ciclo formativo de grao superior e os de acceso mediante proba non poderá presentar a solicitude de acceso mediante proba. De o facer, excluírase do proceso de admisión.
- No caso de ciclos superiores, quen cumpra varios dos requisitos para o acceso directo deberá marcar un só cadro e entregar a documentación correspondente a unha única titulación segundo a seguinte orde de prioridade:
  - Titulación universitaria ou equivalente.
  - Título de técnico especialista, técnico superior ou equivalente para os efectos académicos.
  - COU ou PREU.
  - Título de bacharelato experimental regulado pola Orde ministerial do 21 de outubro de 1986.
  - Título de bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro.
  - Título de bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- Se o alumno ou alumna **solicita repetir por primeira vez no mesmo centro**, deberán marcar o cadro correspondente e non cumprirá cubriren o requisito de acceso, nin achegaren documentación ningunha. Neste caso terán a praza garantida.

#### Xunta a seguinte documentación acreditativa

- A persoa solicitante sinalará a documentación que achegue, marcando cun X no cadro correspondente. Cumprirá entregar fotocopias compulsadas ou cotexadas dos documentos (excepto o alumnado que solicite repetir no mesmo centro)
  - DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.
  - **Acceso directo**
    - Certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título alegado para o acceso, de ser o caso. Para aquelas persoas con estudos da LOE en centros sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, non será necesario presentar a certificación

académica, salvo naqueles casos en que a administración educativa así o demande.

#### – Acceso mediante proba

- Certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo. Non será necesaria a presentación do certificado se a proba se realizou nesta comunidade despois do ano 2008.
- Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Ademais, deberase achegar a seguinte documentación, de ser o caso:

#### – Acreditación de discapacidade

- Certificado do recoñecemento do grao de minusvalía.
- Ditame técnico facultativo.

#### – Acreditación de deportista de alto nivel

- Resolución personalizada da da Secretaría Xeral para o Deporte pola que quen solicita obtén a consideración de deportista galego de alto nivel.
- Resolución personalizada do Consello Superior de Deportes pola que quen solicita obtén a consideración de deportista nacional de alto nivel.

#### – Titulacións obtidas no estranxeiro

- Credencial definitiva de homologación dos seus estudos cos correspondentes españois. Aqueles solicitantes que non dispoñan da credencial indicada anteriormente deberán xuntar o volante de inscrición condicional para cursar estudos de formación profesional. No caso de que a credencial de homologación de bacharelato veña acompañada de nota media non cumprirá o expediente académico expedido no estranxeiro.
- Expediente académico expedido no estranxeiro, que deberá axustarse aos requisitos seguintes:
  - Ser oficial e con cualificacións por materia e curso, e estar expedido polas autoridades competentes.
  - Presentarse legalizado por vía diplomática ou mediante a apostila do Convenio da Haia. Requisito non esixido aos documentos expedidos na Unión Europea ou en países signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.
  - Ir acompañado, de ser o caso, da súa correspondente tradución oficial ao galego ou ao castelán. A tradución deberá ser realizada por:
    - Tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.
    - Calquera representación diplomática ou consular do Estado español.
    - Representación diplomática ou consular en España do país de procedencia.

- A presentación do volante de inscrición condicional para o centro solicitado en primeiro lugar permitirá a inscrición condicionada en todos os centros e para todos os ciclos relacionados na solicitude.
- A inscrición no proceso de admisión estará condicionada á resolución do expediente de homologación. No suposto de non se producir a resolución nos termos solicitados pola persoa interesada e incluídos no citado volante, quedarán sen efecto a inscrición no proceso de admisión aos ciclos formativos de grao medio ou superior e a seguinte matrícula.

### Solicita

- Indicará o curso académico para o que solicita a admisión mediante os dous derradeiros díxitos dos anos a que se refire o curso.

- Solicitantes de novo ingreso ao primeiro curso: manifestará os ciclos que solicita por orde de preferencia, indicando o centro onde desexa cursar. Pódense consignar **oito preferencias** de ciclos como **máximo**; as que excedan ese número non se terán en conta.
- O alumnado que solicite repetir por primeira vez no mesmo centro manifestará un único ciclo.
- Os ciclos solicitados e o centro onde se imparten deberán ser identificados mediante o **código do ciclo** e o **código do centro** onde se ofrece. Sinala un díxito en cada un dos cadros reservadas para o efecto. Para coñecer os códigos que se deben consignar, consulte a oferta educativa de ciclos formativos de grao superior en centros sostidos con fondos públicos, no réxime ordinario, para o curso 2011-2012.
- Poña moita atención na consignación dos códigos, posto que aqueles que non correspondan aos sinalados no documento de oferta non se terán en conta e perderá esa opción de solicitude.

### Lexislación aplicable

- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 5 de xuño de 2007 (DOG do 15 de xuño) pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.
- Resolución do 7 de xuño de 2010 pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas para o curso académico 2011-2012.

### Data e sinatura

- Non esqueza **asinar** a súa solicitude e indicar a data. As solicitudes non asinadas carecen de validez. Mediante a sinatura vostede faise responsable da veracidade de todos os datos consignados no proceso; a falsidade dos datos ou da documentación entregada producirá a exclusión do procedemento.

### Espazo reservado para ser cuberto pola Administración

- No espazo reservado para ser cuberto pola Administración non consigne dato ningún.
- O impreso irá dirixido á directora ou o director do centro onde se entrega a documentación, que será aquel que ofrezca o ciclo solicitado no primeiro lugar.

## 4. Información xeral sobre o proceso de admisión a ciclos formativos de grao superior

1. Deberá presentar unha **única** solicitude de admisión (agás para ciclos de grao diferente) xunto **cun duplicado** que se lle será devolto despois de ser datado e selado, na secretaría do centro que imparta o ciclo solicitado en primeira opción. A entrega de varias solicitudes no mesmo centro ou en centros distintos dará lugar á súa exclusión do proceso, por incorrer en duplicidade de solicitudes.
2. No caso de que vostede acceda por **proba de acceso**, tamén deberá entregar a solicitude no **mesmo prazo**. A inscrición para a proba de acceso non presupón a solicitude de admisión aos ciclos formativos de grao superior.

- 3. Se cumpre os requisitos de acceso tras a convocatoria extraordinaria de setembro deberá entregar a documentación xustificativa no centro entre o **1 e o 12 de setembro de 2010, ás 13:00h.**

#### IMPORTANTE

##### SOLICITUDES PRESENTADAS NO PERÍODO ORDINARIO (17 de xuño a 4 de xullo ás 13:00h)

O día 6 de xullo de 2011 os centros publicarán a relación provisional de solicitantes, que tamén se poderá consultar na web: [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp).

No caso de que os datos correspondentes á súa solicitude non sexan correctos poderá presentar reclamación entre os días 6 e 12 de xullo, ás 13:00h, de 2011, ambos os dous incluídos.

A listaxe definitiva de solicitantes publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros o día 18 de xullo de 2011, e tamén se poderá consultar na páxina web [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp).

A primeira listaxe definitiva de admitidos publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros o día 19 de xullo de 2011, e tamén se poderá consultar na páxina web [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp). O alumnado admitido nesta listaxe poderá formalizar a matrícula entre os días 19 e 22 de xullo de 2011, ás 13:00h.

A segunda listaxe definitiva de admitidos publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros o día 26 de xullo de 2011, e tamén se poderá consultar na páxina web [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp). O alumnado admitido nesta listaxe poderá formalizar a matrícula entre os días 26 e 29 de xullo de 2011, ás 13:00h.

##### SOLICITUDES PRESENTADAS NO PERÍODO EXTRAORDINARIO (do 1 ao 12 de setembro ás 13:00h)

O 14 de setembro de 2011, os centros publicarán a relación provisional de solicitantes e quedará aberto un prazo de reclamación do 14 ao 16 de setembro, ás 13:00h, ambos os dous incluídos.

A listaxe definitiva de solicitantes publicarase o día 20 de setembro de 2011.

A primeira listaxe definitiva de adxudicados publicarase nos taboleiros de anuncios dos centros o día 20 de setembro de 2011, e tamén se poderá consultar na páxina web [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp).

O alumnado adxudicado nesta listaxe poderá formalizar a matrícula entre os días 20 e 23 de setembro de 2010 ata as 13:00h.

- 4. O proceso de adxudicación desenvolverase en dúas fases:

- **Ordinaria:** no mes de xullo de 2011; a adxudicación desenvolverase en dúas quendas consonte o seguinte calendario:

Datas de publicación da relación de prazas adxudicadas (nos centros e na web)	Prazo de matrícula ou de renuncia á praza adxudicada
19 de xullo	19 ao 22 de xullo, ás 13:00h
26 de xullo	26 ao 29 de xullo, ás 13:00h

- **Extraordinaria:** nos meses de setembro e de outubro de 2011, que se desenvolverá consonte o seguinte calendario:

Datas de publicación da relación de prazas adxudicadas (nos centros e na web)	Prazo de matrícula ou de renuncia a praza adxudicada
20 de setembro	20 ao 23 de setembro, ás 13:00h
27 de setembro	27 ao 30 de setembro, ás 13:00h

- 5. As persoas solicitantes de primeiro curso poderán renunciar á praza adxudicada e permanecer no proceso, á espera de que se lles adxudique algunha das opcións manifestadas nas opcións de maior prioridade á adxudicada. A renuncia afectará á praza que fora adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores a ese. A renuncia deberase manifestar no modelo de impreso para tal efecto, que se deberá entregar no prazo de matrícula establecido para a quenda en que lle fora adxudicada esa praza á que renuncia.

- 6. O aspirante que renuncia asome o risco de que non se lle adxudique ningunha das prazas que solicitou con anterioridade e, xa que logo, quedaría desescolarizado, polo que no momento de renunciar debe valorar a posibilidade de que lle adxudiquen algunha das prazas sinaladas con maior prioridade. Para tal efecto, poderá consultar no enderezo web [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp).

- 7. As persoas solicitantes admitidas que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado perderán o dereito á súa praza, nese caso, so procederá á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.

- 8. Cando non existan postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes, para acceder a ciclos formativos de grao superior, terá prioridade o alumnado que:

- Cursara a modalidade de bacharelato que se determine para cada ciclo coas materias vinculadas a el.
- Cursara a modalidade de bacharelato sen algunha das materias vinculadas ao ciclo.
- Cursara algunha das modalidades de bacharelato distintas das establecidas nos parágrafos anteriores.
- Dispoña do título de técnico superior ou equivalente.
- Dispoña dunha titulación universitaria ou equivalente.

Dentro de cada un dos colectivos anteriores, a orde de prioridade virá determinada por:

- Maior nota media no expediente académico en relación á titulación académica de acceso.
- Maior nota ou maior nota media nas materias vinculadas.

- 9. No caso de acceso mediante proba atenderase á nota final da devandita proba, con independencia do centro educativo de procedencia da persoa solicitante.

- 10. A formalización da matrícula nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria quedará condicionada a que se cargara na aplicación informática, antes do 10 de setembro, un número mínimo de doce solicitudes de matrícula admitidas por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de oito solicitudes en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao medio ou superior.

- 11. Para obter máis información pode consultar a páxina web [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp) ou pode dirixirse aos centros educativos onde se imparten ciclos formativos.

## Oferta educativa de ciclos formativos de grao superior no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2011-2012

### A Coruña

#### Concello: Arteixo

15023314 IES de Sabón Telf: 981601012  
 CS04001 Administración e finanzas

#### Concello: Arzúa

15027733 IES de Arzúa Telf: 981500527  
 CS01002 Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos  
 CS04001 Administración e finanzas

15020313 EFAG El Piñeiral Telf: 981500580  
 CS06002 Xestión comercial e márketing

#### Concello: Bergondo

15001033 CFEA de Guísamo Telf: 881881055  
 CSAGA02 Paixasismo e medio rural

#### Concello: Betanzos

15001148 IES As Mariñas Telf: 981775811  
 CS04001 Administración e finanzas  
 CSELE01 Sistemas electrotécnicos e automatizados  
 CSEOC01 Proxectos de edificación  
 CSTMV01 Automoción

15001136 IES Francisco Aguiar Telf: 981772451  
 CS06002 Xestión comercial e márketing

#### Concello: Boiro

15026698 IES Espiñeira Telf: 981847677  
 CS04001 Administración e finanzas

#### Concello: Boqueixón

15013254 CFEA de Sergude Telf: 981511815  
 CS01001 Xestión e organización de empresas agropecuarias

#### Concello: Cambre

15027873 IES Afonso X O Sabio Telf: 981651025  
 CS04001 Administración e finanzas

#### Concello: Carballo

15027307 IES Isidro Parga Pondal Telf: 981756808  
 CSIFC01 Administración de sistemas informáticos en rede  
 15002591 IES Monte Neme Telf: 981701159  
 CS04001 Administración e finanzas  
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos

#### Concello: Cedeira

15026376 IES Punta Candieira Telf: 981481202  
 CS04001 Administración e finanzas  
 CS17002 Mantemento de equipo industrial

#### Concello: Cee

15003224 IES Fernando Blanco Telf: 981745350  
 CS04001 Administración e finanzas

#### Concello: Coruña, A

15022607 CIFP Ánxel Casal - Monte Alto Telf: 981210112  
 CS19001 Anatomía patolóxica e citoloxía  
 CS19002 Saúde ambiental  
 CS19003 Dietética  
 CS19005 Hixiene bucodental  
 CS19006 Imaxe para o diagnóstico  
 CS19007 Laboratorio de diagnóstico clínico  
 CS19009 Próteses dentais

CS19010 Radioterapia  
 CS20001 Animación sociocultural  
 CS20003 Integración social  
 CS20004 Interpretación da lingua de signos  
 CSSAN01 Audioloxía protésica  
 CSSSC01 Educación infantil  
 15024513 CIFP Someso Telf: 981282200  
 CS08002 Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas  
 CS08003 Realización e plans de obra  
 CS12002 Estética  
 CS15002 Produción de madeira e moble  
 CSEOC01 Proxectos de edificación  
 CSFME01 Programación da produción en fabricación mecánica  
 CSFME02 Construcións metálicas  
 CSTMV01 Automoción  
 15027770 IES A Sardiñeira Telf: 981247316  
 CSQUI01 Laboratorio de análise e de control de calidade  
 CSQUI02 Química industrial  
 15005233 IES Agra do Orzán Telf: 981145932  
 CS02002 Animación de actividades físicas e deportivas  
 15005397 IES Fernando Wirtz Suárez Telf: 981230643  
 CS04001 Administración e finanzas  
 CS04002 Secretariado  
 CSIFC01 Administración de sistemas informáticos en rede  
 CSIFC02 Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma  
 15027800 IES Imaxe e Son Telf: 981173181  
 CS07001 Realización de audiovisuais e espectáculos  
 CS07002 Produción de audiovisuais, radio e espectáculos  
 CS07003 Imaxe  
 CS07004 Son  
 15027897 IES Paseo das Pontes Telf: 981160196  
 CSHOT04 Dirección de cociña  
 CSHOT05 Dirección de servizos de restauración  
 CSINA02 Procesos e calidade na industria alimentaria  
 CSTCP01 Patronaxe e moda  
 15005221 IES Plurilingüe Eusebio da Guarda Telf: 981223479  
 CSHOT02 Axencias de viaxes e xestión de eventos  
 CSHOT03 Guía, información e asistencia turísticas  
 15005257 IES Ramón Menéndez Pidal Telf: 981203000  
 CS06001 Comercio internacional  
 CS06002 Xestión comercial e márketing  
 15005269 IES Urbano Lugrís Telf: 981235945  
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos  
 CS09003 Sistemas de regulación e control automáticos  
 CS09004 Sistemas de telecomunicación e informáticos  
 CSELE01 Sistemas electrotécnicos e automatizados  
 15021986 CPR Cruz Roja Española Telf: 981169163  
 CS19006 Imaxe para o diagnóstico  
 15005488 CPR López Vicuña Telf: 981206678  
 CSSSC01 Educación infantil  
 15005270 CPR Novacaixagalicia Telf: 981236552  
 CS04001 Administración e finanzas  
 CS04002 Secretariado  
 CSIFC02 Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma

#### Concello: Culleredo

15005749 IES Universidade Laboral Telf: 981660700  
 CS02002 Animación de actividades físicas e deportivas  
 CS03001 Navegación, pesca e transporte marítimo

## Oferta educativa de ciclos formativos de grao superior no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2011-2012

CS03003 Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque  
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos  
 CS17004 Prevención de riscos profesionais  
 CSELE01 Sistemas electrotécnicos e automatizados  
 CSENA01 Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica  
 CSIMA01 Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos  
 CSIMA02 Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos

### Concello: Ferrol

15006778 CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro Telf: 981321565  
 CS02002 Animación de actividades físicas e deportivas  
 CS04001 Administración e finanzas  
 CS04002 Secretariado  
 CS06002 Xestión comercial e márketing  
 CS08002 Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas  
 CSEOC01 Proxectos de edificación  
 CSHOT03 Guía, información e asistencia turísticas  
 CSIFC01 Administración de sistemas informáticos en rede  
 CSIFC02 Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma  
 15006742 IES Concepción Arenal Telf: 981310104  
 CS18002 Química ambiental  
 15006754 IES Ferrolterra Telf: 981333107  
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos  
 CS09003 Sistemas de regulación e control automáticos  
 CS09004 Sistemas de telecomunicación e informáticos  
 CSELE01 Sistemas electrotécnicos e automatizados  
 CSENA01 Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica  
 CSFME02 Construcións metálicas  
 CSFME03 Deseño en fabricación mecánica  
 CSSSC01 Educación infantil  
 CSTMV01 Automoción  
 15021469 IES Leixa Telf: 981328900  
 CS05001 Deseño e produción editorial  
 CS19003 Dietética  
 CS19007 Laboratorio de diagnóstico clínico  
 15025645 IES Ricardo Carballo Calero Telf: 981326524  
 CS12002 Estética  
 15028038 ESCO Náutico-Pesqueira Telf: 981317611  
 CS03001 Navegación, pesca e transporte marítimo  
 CS03003 Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque

### Concello: Narón

15026455 IES Terra de Trasancos Telf: 981380033  
 CS04001 Administración e finanzas

### Concello: Negreira

15026391 IES Xulián Magariños Telf: 981885349  
 CSIFC01 Administración de sistemas informáticos en rede

### Concello: Noia

15026731 IES Campo de San Alberto Telf: 981822800  
 CS04001 Administración e finanzas  
 CS19007 Laboratorio de diagnóstico clínico

### Concello: Padrón

15023090 IES Macías o Namorado Telf: 981817008  
 CS04001 Administración e finanzas  
 CS09003 Sistemas de regulación e control automáticos

### Concello: Pobra do Caramiñal, A

15025530 IES da Pobra do Caramiñal Telf: 981833900  
 CS19003 Dietética

### Concello: Pontedeume

15025682 IES Fraga do Eume Telf: 981432004  
 CSHOT04 Dirección de cociña

### Concello: Pontes de García Rodríguez, As

15021767 IES Castro da Uz Telf: 981451304  
 CS04001 Administración e finanzas

### Concello: Ribeira

15014556 IES Coroso Telf: 981870361  
 CSELE01 Sistemas electrotécnicos e automatizados  
 CSTMV01 Automoción  
 15027711 IES Leliadoura Telf: 981874633  
 CS04001 Administración e finanzas  
 CSIFC01 Administración de sistemas informáticos en rede  
 CSIFC02 Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma  
 15027812 ESCO Oficial Náutico-Pesqueira Telf: 981874476  
 CS03003 Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque

### Concello: Santa Comba

15026030 IES Terra de Xallas Telf: 981880425  
 CS04001 Administración e finanzas

### Concello: Santiago de Compostela

15016000 CIFP Compostela Telf: 981523140  
 CSHOT01 Xestión de aloxamentos turísticos  
 CSHOT04 Dirección de cociña  
 CSHOT05 Dirección de servizos de restauración  
 CSSSC01 Educación infantil  
 15015767 CIPF Politécnico de Santiago Telf: 981522062  
 CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos  
 CS09004 Sistemas de telecomunicación e informáticos  
 CS18002 Química ambiental  
 CSELE01 Sistemas electrotécnicos e automatizados  
 CSFME02 Construcións metálicas  
 CSQUI01 Laboratorio de análise e de control de calidade  
 CSTMV01 Automoción  
 15026753 IES A Pontepedriña Telf: 981530455  
 CS06001 Comercio internacional  
 CS06002 Xestión comercial e márketing  
 CS20001 Animación sociocultural  
